

CIENCIAS NATURAIS

6º EDUCACIÓN PRIMARIA

Ola Chiquipandi,

Esta semana a imos dedicar a rematar todo o que vos quede pendente desta materia. Aproveitade para poñer todo ao día e así poder enviar as tarefas ao meu correo: profeantia@gmail.com

A continuación, déixovos unha lista das actividades que tedes que entregar:

1. As fichas (impresas ou debuxadas) de todos os aparatos que interveñen na función de nutrición: dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor. Recordade que nas fichas deben aparecer sinaladas todas as partes de cada aparato e cada parte debe estar pintada dunha cor diferente para distinguila mellor.
2. A pirámide alimenticia.
3. A táboa con dez hábitos de vida saudable e non saudable.
4. A táboa coas enfermidades dos aparatos dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor.

Se tedes as actividades feitas a ordenador, enviádesme o arquivo no medio que empregárades para facer o voso traballo (word, pdf, powerpoint, vídeo...).

Se as tedes feitas en folios, cartolinas, maquetas... enviádeme fotos de todos os vosos traballos. Recordade comprobar que as imaxes sexan visibles.

Non esquezades enviar as actividades ao meu correo ao longo desta semana para poder correxilas.

Moito ánimo, doutores e doutoras!! Seguid traballando así de ben e recordade que podedes enviarme correos para preguntarme todas as dúbidas que teñades das miñas materias.

Un bico moi grande para vós e para as vosas familias!!

Estou desexando volver a estar con vós!!

Quérovos un montón, mi Chiquipandi!!

Antía

NOTA INFORMATIVA RECUPERACIÓNS 2º TRIMESTRE:

Todos aqueles alumnos e alumnas de 6º EP que teñan suspensa a segunda avaliación de Ciencias Naturais, deben centrarse en realizar as actividades de recuperación que están publicadas na páxina web do colexio. É moi importante que as fagades para poder recuperar o segundo trimestre desta materia.

A data límite para a entrega destas actividades é o **vernes 15 de maio**.

Unha vez feitas, debes enviarlas ao meu correo: profeantia@gmail.com

Recordade que se facedes as actividades a ordenador podedes enviarlas directamente en word e pdf. No caso de facelas a man, enviade fotos revisando que se vexan ben.

Calquera dúbida, escribídeme un correo.

Ánimo, chicos e chicas!!